

Xan Fernández: «O Anllóns foi fonte de enerxía, pero tamén de alimentación»

F. Rodríguez / M. López Carballo / La Voz

14 de xuño de 2020

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2020/06/14/span-langgl-anllons-foi-fonte-enerxia-tamen-alimentacionspan/0003_202006C14C8992.htm

O Instituto de Estudos Bergantiñáns vén de publicar o volume *O río Anllóns, arteria principal de Bergantiños*, un texto obra de Fernando Cabeza Quiles, Evaristo Domínguez Rial, Xan Fernández Carrera, Antón García Losada e Luis Giadás Álvarez e no que colaboraron dúcias de persoas aportando datos e informacións que foron minuciosamente recollidas nesta monografía. Nela recóllense datos como a descrición do propio río, mapas do seu curso e das parroquias polas que pasa, un estudo da flora e da fauna, outro de aves escrito por José Luis Rabuñal, o aproveitamento que se fixo, sobre todo, da súa desembocadura... «Non había un estudo tan amplo sobre o río e cremos que era necesario para coñecelo, protexelo e quizais poñelo en valor a nivel turístico», dixo o presidente, Xan Fernández en RadioVoz Bergantiños.

-Foi escrito a cinco mans.

-Exactamente, a cinco mans aínda que coa axuda de moita máis xente. Queríamos que fose un libro colectivo cun estudo integral do río, e para iso precísase de moita información e moi diversa. Este grupo de persoas fomos os autores do texto e tamén recolleamos toda o material dos informantes. Ao mesmo tempo, queríamos festexar o vixésimo aniversario da entidade -que foi en 2019- sacando este novo libro, que nun inicio estaba previsto para inicios deste ano.

-O propio formato é bastante diferente a outros proxectos publicados anteriormente.

-A nosa intención xa era sacar un traballo moi diferente aos cadernos que viñamos facendo, que eran propostas máis sinxelas e concretas para, por exemplo, facer rutas. Este queríamos que fose un traballo extraordinario, como pensamos que así acabou sendo, que nos levou case dous anos de traballo percorrendo partes do río e entrevistándonos con moita xente. Con todo iso saíu este libro, destinado sobre todo aos bergantiñáns que teñan interese por saber máis do río, pero que tamén sexa útil. O Anllóns é o elemento natural máis importante que ten a comarca e, ademais, defínea totalmente, pois nace e desemboca nela: atravesa de leste a oeste todo Bergantiños e dálle moita personalidade.

-Dá vida á comarca.

-Exactamente. Este río foi fonte de enerxía para mover muiños, centrais eléctricas e mesmo outro tipo de industrias; pero tamén foi fonte de alimentación, xa que había salmóns en abundancia, reos, anguías, lampreas, troitas... Hai unha anécdota que di que os xornaleiros que traballaban no Anllóns protestaban porque lles daban salmón moitos días á semana.

-Presentacións, polo de agora, non poderán facer.

-De momento. O libro estivo tamén confinado, coma nós! Mesmo non puidemos ir por el á imprenta, pero pensamos que era xa tempo de dalo a coñecer. Queríamos facer unha presentación en cada un dos concellos que participaron, aos que agradecemos a súa colaboración, xa que estamos falando dunha edición de máis de 300 páxinas con fotografías a todo color, o que a encarece bastante. A nós, como asociación, éranos imposible facer fronte a este gasto, pero grazas aos concellos de Laracha, Carballo, Coristanco e Ponteceso púidose facer este libro e con esta calidade. A ver se, chegado o outono, puidésemos retomar esas presentacións polos concellos que colaboraron, que xa teñen exemplares no seu poder.

-Pero consideraron que era momento de dalo a coñecer.

-Si, porque agora que vén o verán ao mellor hai xente que quere ir pasear pola beira do río e ter algo máis de información sobre el. Consideramos que era un bo momento para dalo a coñecer.

-Onde se pode conseguir?

-Aparte dos exemplares que adquiriron os concellos, dos que collemos dende o Instituto de Estudos Bergantiñáns e dos que se repartiron a autores e colaboradores, hai unha parte que se distribuirá polas librarías da comarca: xa se levou por Carballo e a intención sería tamén repartilo por Ponteceso, Cabana e tamén A Laracha. Poñerase a un prezo de 15 euros, que está bastante ben porque é unha edición moi coidada e con moito detalle.